



Sr. Conselleiro  
Consellería de Medio Rural  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN,

## EXPÓN:

1. Que Galicia padece na actualidade unha situación extraordinaria como consecuencia da sequía e dos incendios forestais, principalmente na provincia de Ourense, na de Lugo e no sur de Pontevedra.
2. Que a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece que:
  - a. *“A aradura de calquera terreo forestal para a implantación de cultivos agrícolas ou pasteiros exixirá a obtención de autorización administrativa por parte da consellaría competente en materia forestal nos termos que se establezan regulamentariamente. Cando se producise un incendio forestal nos tres anos anteriores á solicitude, a autorización concederá de forma excepcional atendendo as circunstancias especiais que se determinen regulamentariamente”* (artigo 40).
  - b. *“Con carácter xeral, prohíbese o pastoreo en todos os terreos forestais que resulten afectados por incendios forestais, nun prazo mínimo de dous anos a partir da data en que se produza o lume e ata que as axeitadas condicións de restauración da masa arborada o permitan. Neste caso, precisarase de autorización administrativa nos termos que se establezan para o efecto”* (artigo 43.1) e que *“Regulamentariamente poderán preverse excepcións á prohibición establecida na alínea anterior, baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou na inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma comarca”* (artigo 43.2).
3. Que a Lei 4/1997, de caza de Galicia, establece que *“queda prohibido cazar en tempo e lugares nos que, como consecuencia de incendios, epizootias, envelenamentos, inundacións, secas ou outras causas, os animais se ven privados dos seus hábitats e das súas facultades normais de defensa e obrigados a concentrarse en determinados lugares”* (artigo 34.1.3).
4. Que, así mesmo, a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece que *“Os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados quedan prohibidos durante un período de tres anos desde a data do lume, agás autorización expresa da dirección xeral competente en materia cinexética, logo de informe favorable da consellaría competente en materia forestal”* (artigo 44.1).

Polo que, ó abeiro da lexislación europea (Directiva 2003/4/CE), española (Lei 38/1995 e Lei 27/2006) e galega (Lei 1/1995) que regulan o dereito de acceso á información sobre o medio ambiente,



## SOLICITA

Información das medidas que no exercicio das súas competencias e obrigas legais, puxo en marcha a Consellería de Medio Rural para:

1. O control, vixiancia e seguemento das zonas afectadas a fin de asegurar o cumprimento da Lei 3/2007 e a Lei 4/1997.
2. Garantir a salvagarda da biodiversidade nos terreos queimados e os colindantes con eles, con especial referencia ás especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e aos espazos naturais con figuras de protección autonómicas, estatais ou internacionais.

En Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2011

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto